

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026030	IES Terra de Xallas	Santa Comba	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

## 1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas relacionadas co desenvolvemento sostible e a inclusión. En todas as unidades de cada trimestre trátanse contidos dos catro bloques. Cada trimestre iníciase cunha situación de aprendizaxe: "a túa lingua importa", "Quen le e quen escribe que" e "un festival literario" respectivamente. Coa situación de aprendizaxe «A túa lingua importa» preténdese que cada estudante reflexione sobre o uso da lingua e doutros membros da comunidade educativa a fin de valorar todas as manifestacións, acoller a diversidade e rexeitar os prexuízos lingüísticos. A situación de aprendizaxe do segundo trimestre «Quen le e quen escribe que?» ten como obxectivo contribuír á construción da identidade lectora do alumnado e fomentar a creación literaria a partir do intercambio das súas experiencias lectoras. A última situación de aprendizaxe, «Festival artístico» ten como obxectivo mostrar a creatividade e a expresividade do alumnado ao mesmo tempo que mobiliza saberes relacionados coa diversidade lingüística, a produción e a interpretación de textos orais e escritos e o uso adecuado e correcto da lingua.

Ademais dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de noicións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos abordan temáticas diferenciadas e de interese para o alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Salvar os océanos	Nesta primeira unidade preténdese involucrar o alumnado na defensa activa dos mares e a reflexión sobre a magnitude deste problema. Ademais, inclúese a secuencia que corresponde á situación de aprendizaxe do primeiro trimestre que se titula «A túa lingua importa». Como lectura propónse un fragmento da novela Ardora, de Beatriz Maceda, para traballar a comprensión lectora e afondarse sobre o vocabulario relacionado cos animais. Nesta unidade coñecerán os diferentes tipos de comunicación e os elementos que	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Salvar os océanos	participan nela; tamén se establecerá unha clasificación dos textos, segundo o seu ámbito de uso e a súa finalidade; este bloque remata co obradoiro de comunicación, centrado nas infografías. Doutra banda, no bloque da lingua veranse as clases de palabras, o alfabeto e as sílabas. En canto aos contidos literarios reflexionarán sobre as características de cada xénero literario a partir de varios exemplos.	10	13	X		
2	Os dereitos da infancia	Nesta segunda unidade realizarase unha aproximación aos dereitos da infancia e á situación de nenas e nenos no mundo e ao traballo das ONG Tamén se inclúe a secuencia que corresponde á situación de aprendizaxe do primeiro trimestre que se titula «A túa lingua importa» Proponse como lectura un fragmento de O neno can, de Fina Casalderrey e Francisco Castro. A partir da lectura continúaase co estudo do léxico sobre o corpo e a polisemia; tamén se realizará unha explicación do texto narrativo e os seus elementos (narrador, personaxes, historia ou acción, espazo e tempo). Este bloque remata co obradoiro de comunicación, que se centra no microrrelato. Doutra banda, no bloque estudo da lingua estudarán o substantivo no apartado de gramática, as regras de acentuación e acento diacrítico no apartado de ortografía. O bloque de literatura centrarase no estudo da literatura popular, concretamente nas cantigas, adiviñas e refráns.	10	13	X		
3	Auga, un ben escaso	Na terceira unidade reflexionárase sobre o dereito á auga e a educación emocional para poñerse no lugar das outras persoas. Por outra banda, seguimos afondando na temática dos dereitos da infancia. Ademais, seguimos coa situación de aprendizaxe do primeiro trimestre que se titula «A túa lingua importa». No bloque de comunicación proponse como lectura un fragmento de Palabras de auga, de Marcos Calveiro. A partir da lectura, continúaase co estudo do léxico sobre as formas de ser e a sinonimia; tamén se realizará unha explicación do texto descritivo, centrado na descrición das persoas. Este bloque remata cun obradoiro de comunicación sobre o autorretrato. Doutra banda, no bloque estudo da lingua estudarán o adxectivo: clasificación e	10	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Auga, un ben escaso	graos.Presentaráselle as linguas do mundo , centrándose nas da península Ibérica. No apartado de literatura centrarase no estudo da literatura popular, e nesta ocasión profundaremos no conto popular de tradición oral.	10	14	X		
4	Pioneiras que abren camiño	Esta cuarta unidade xira arredor da igualdade de xénero e da necesidade de revisar a achega das mulleres á sociedade dende unha perspectiva que rache cos estereotipos e roles de xénero impostos. Ademais, inclúese a secuencia que corresponde á situación de aprendizaxe do segundo trimestre que se titula «Quen le e quen escribe que», centrado na importancia da lectura nas nosas vidas. No bloque de comunicación propónse como lectura un fragmento de Denébola a Roxa, de Héctor Cajaraville. Lévese a cabo a continuación un traballo de comprensión lectora e a partir da lectura continúaase co estudo do léxico sobre as profesións e oficios, e a antonimia; tamén se realizará unha explicación do texto dialogado. Doutra banda, no bloque estudo da lingua estudarán os determinantes e os seus tipos. Tamén estudarán as regras de uso do h e da diérese. No apartado de literatura seguiremos co estudo da literatura popular, con atención nesta ocasión na lenda.	10	10		X	
5	Consumo responsábel	Esta quinta unidade xira arredor do consumo responsábel . Ademais, proseguimos coa secuencia de aprendizaxe do segundo trimestre que se titula «Quen le e quen escribe ». Proponse como lectura un fragmento da Guía práctica para reciclar, un material sobre a reciclaxe elaborado polo Concello de Santiago. Traballarase a comprensión lectora e reflexión sobre a temática do fragmento a partir das actividades propostas. A partir da lectura continúaase co estudo do léxico sobre a ecoloxía, e da semántica traballando sobre a homonimia e a paronimia; tamén se realizará unha explicación do texto expositivo. Doutra banda, estudarán os pronomes persoais, as palabras con b ou v e as palabras con s ou x. No apartado de literatura comezaremos o estudo da poesía, sinalando as súas características principais.	10	11		X	
6	Aquí sempre foi bosque	Esta quinta unidade xira arredor da natureza e dos bosques como fonte de beneficios para as persoas e da necesidade	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Aquí sempre foi bosque	de preservalo. Ademais, rematamos coa secuencia da situación de aprendizaxe do segundo trimestre que se titula «Quen le e quen escribe». No bloque de comunicación propónse como lectura o texto xornalístico Baños de bosque, unha fonte de saúde, un artigo traducido e adaptado. Lévese a cabo a continuación un traballo de comprensión lectora e reflexión sobre a temática do fragmento a partir das actividades propostas. Continuarase, a partir da lectura, co estudo do léxico sobre a natureza e a saúde, e da semántica traballando sobre a hiperonimia; tamén se realizará unha explicación do texto xornalístico e publicitaria. Doutra banda, no bloque da lingua comezaremos o estudo do verbo e adentrarémonos na lusofonía. No apartado de literatura proseguiremos o estudo da poesía, afondando nesta unidade na versificación (métrica e rima).	10	11		X	
7	Outro mundo é posíbel	Esta sétima unidade xira arredor da necesidade de preservar os mares da contaminación, así como de cuestións relacionadas coa protección da natureza. Ademais, comezamos coa situación de aprendizaxe do terceiro trimestre que se titula «Un festival literario. Propónse como lectura un fragmento da novela As flores radioactivas, de Agustín Fernández Paz. Lévese a cabo un traballo de comprensión lectora e reflexión sobre a temática do fragmento a partir das actividades propostas. Continúase co estudo do léxico sobre as actividades de lecer, e da semántica traballando sobre os préstamos; tamén se realizará unha explicación dos textos da vida cotiá e das relacións sociais. Tamén se traballarán as emoticonas ou emojis. Seguiremos co estudo do verbo, centrándonos nas conxugacións verbais. No apartado de ortografía estudaranse as regras para o uso da maiúscula e minúscula. No apartado de literatura proseguiremos o estudo da poesía a través da análise dos recursos estilísticos.	10	11			X
8	Tradicións	Esta oitava unidade xira arredor da necesidade de coñecer e preservar as tradicións culturais do noso pobo para manter viva a memoria que nos deixaron as nosas devanceiras e non perder a	15	11			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Tradicións	<p>identidade colectiva. Ademais, continuamos coa situación do terceiro trimestre que se titula «Un festival literario. Proponse como lectura un fragmento da novela Escarlatina, a cociñeira defunta, de Leticia Costas. Traballarase a comprensión lectora e reflexión sobre a temática do fragmento. Estudarase o léxico sobre a cociña, e a presenza de estranxeirismos na nosa lingua; tamén se explicarán os distintos textos prescritivos. No bloque da lingua traballará as palabras invariábeis: adverbios, locucións adverbiais, preposicións, locucións prepositivas, conxuncións e interxeccións. Na Ortografía estudaranse os signos de puntuación( o punto, a coma e o punto e coma). No apartado de literatura introducirase o teatro, sinalando os seus elementos textuais e indicando que subxéneros dramáticos existen.</p>	15	11			X
9	Heroínas	<p>A novena unidade xira arredor da necesidade de dar visibilidade a persoas que fixeron cousas extraordinarias enfrontándose aos prexuízos da súa época e pasando por riba dos roles que a sociedade lles tiña asignados, sobre todo no caso das mulleres. Para iso servímonos do mundo do cómic como eixo para tratar estas ideas, ao tempo que estudamos este xénero artístico. Ademais, finalizamos o desafío do terceiro trimestre que se titula «Un festival literario», que remata coa representación de textos. Proponse como lectura un fragmento do cómic Aleida. Cidade sen alma, de Víctor Boullón. Traballarase a comprensión lectora e reflexión sobre a temática do fragmento. Estudarase o léxico sobre o vestiario, e en canto a semántica, traballarase os cambios semánticos. Na lingua traballarase o enunciado e a oración, e comezaríase a aprendizaxe da análise sintáctica. Reflexionaremos sobre o galego como lingua con futuro en Galicia. Na literatura proseguimos o estudo do teatro .</p>	15	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Salvar os océanos	13

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, en diferentes situacións comunicativas, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.	PE	70
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado distinguirá as características xerais dos diferentes xéneros literarios e creará algún texto literario mantendo as características propias do xénero.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta, a partir do emprego que fai da lingua en diferentes contextos e situacións, prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística: indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que linguas utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas.	TI	30
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro, participa activamente, respectando a quenda da palabra, con boa actitude, nunha conversa sobre a contaminación dos océanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Os dereitos da infancia	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, os elementos dos textos narrativos(narrador, espazo, tempo...)		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará o contido e algúns aspectos (temática, espazo...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión sobre o mesmo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado é capaz de reescribir textos poñendo en estilo indirecto a intervención dos personaxes, con corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en diferentes textos , distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes e é quen de xustificar a acentuación das palabras.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realizará unha exposición sobre os dereitos da infancia , con fluidez e coherencia e empregando o rexistro adecuado.	TI	30
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda da palabra, de maneira activa e adecuada, nunha conversa sobre os dereitos da infancia.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Co motivo do Samaín, o alumnado selecciona textos de medo da literatura popular ( lendas, contos... )e logo participa nunha lectura colectiva.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado creará microrelatos acompañados dunha ilustración para conmemorar o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
3	Auga, un ben escaso	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta a estrutura e a intención do emisor en diferentes textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos , realizando as interferencias necesarias.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado creará, con precisión léxica e ortográfica, textos a partir de comezos dun relato dado , continuando a historia e incorporando outros temas e outros personaxes.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre a importancia da auga.	TI	30
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado creará novas versións de contos populares coa axuda da linguaxe musical, a partir da lectura dos contos orixinais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> </ul>

## Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado reconece nun cómic os recursos extralingüísticos e iconográficos e o seu significado, así como a eficacia dos procedementos comunicativos.	PE	70
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuizos, linguaxe sexista etc.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero dramático e identifica en diferentes textos teatrais algúns dos seus principais elementos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).	TI	30
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuizos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuizos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación dun texto teatral, distingue o propósito comunicativo do seu personaxe e interpreta as súas intencións.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado é quen de crear un pequeno texto dramático e realizar unha posterior dramatización atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de identificación de prexuizos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> </ul>

## Contidos

- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, a profesora tratará de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción coa docente. É moi relevante para a profesora a premisa de ensinar a aprender pola que se intentará dotar o alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos. Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).
- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistemas fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.
- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se abordarán lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para aprofundar nestes contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Os seguintes materiais e recursos de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua Galega e Literatura:

- Material bibliográfico:
- Libro de texto de Lingua Galega e Literatura 1º ESO da editorial Anaya.
- Libros de lectura.
- Cadernos complementarios de ortografía , léxico. morfosintaxe e expresión escrita.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica, con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- Recursos dixitais:
- Libro dixital.
- Enlaces web: <http://anayaeducacion.es> e páxinas que se suxiren no libro do texto.
- Dicionarios online ( Dicionario da Real Academia Galega, Dicionario da pronuncia galega,Dicionario Visual interactivo...)
- Bibliotecas online.
- Blogs literarios.
- Xornais dixitais e diferentes portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras)
- Páxinas web sobre a lingua e a cultura galega.

Ademais dos materiais citados tamén se recomendan outros recursos en formato dixital:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A profesora realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e/ou colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Asemade, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitalas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

A avaliación inicial consta de varias partes que contemplarán a expresión oral, a comprensión lectora e a expresión escrita. Con este obxectivo non se realizará unha única proba, senón que se desenvolverán unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro. No deseño das mesmas non poderá faltar unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo e a lectura en voz alta dalgún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión, a expresión escrita e outros aspectos.

Como xa se indicou anteriormente, esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cuestións, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información variada de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar o alumnado que necesita un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débense ter en conta os estudantes con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.
- Recoñecer as medidas organizativas a adoptar e levalas á práctica: planificación de reforzos, distribución de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, coa titora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe do alumnado; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Algunhas das ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe servirán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Observación e rexistro de:

- Traballo diario

- Uso e corrección da lingua oral.
- Uso e corrección da lingua escrita
- Lectura fluída de diversos tipos de textos
- Comentarios orais e escritos das lecturas
- Traballos escritos
- Uso do dicionario
- Coñecemento gramatical
- Coñecemento literario
- Uso das ferramentas dixitais
- Uso da busca de información e fiabilidade das fontes
- Actitude na aula
- Traballo na aula virtual

Ademais, durante todo o curso académico realizaranse:

- Proba de avaliación inicial
- Actividades escritas e orais de cada unha das unidades
- Actividades de repaso, escritas e orais, de cada unha das unidades
- Actividades de repaso, escritas e orais, de cada un dos trimestres
- Proba/s escrita/s en cada un dos trimestres

A avaliación enténdese como un elemento máis do proceso educativo en tanto que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe a mellorar o rendemento do alumnado. Para que isto sexa posible, cómpre que a avaliación sexa continua e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento dos escolares. Polo tanto, partiremos dunha avaliación inicial, da situación en que nos atopamos ao inicio da aprendizaxe, e continuaremos ao longo de todo o proceso educativo mediante a observación sistemática de actitudes, disposición do alumnado pola disciplina, a participación, o interese, o esforzo, etc., observando en que medida se van conseguindo os obxectivos marcados, mediante o seguimento das actividades diarias, a claridade expositiva, a orde, a síntese, a actitude, etc.

Realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia. Para realizar a avaliación do alumnado utilizaranse diferentes mecanismos:

-Probas escritas. Realizarase, como mínimo, unha proba escrita da materia obxecto de estudo e outra dos diferentes libros de lectura obrigatoria que se elixan para cada avaliación. A non asistencia a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou titores legais; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

En toda produción escrita (traballos, exames) terase en conta a presentación, ortografía e puntuación. Poderase descontar por estes motivos un máximo de 1 punto.

Seguindo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, o alumnado tamén deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.

- Observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula do seu dominio da lingua oral. Nas clases de lingua galega e literatura é obrigado empregar a lingua galega tanto coa profesora como cos compañeiros.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte do alumnado no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

- Realización de traballos que poderán ser de carácter voluntario ou obrigado.

- Valoración do seu comportamento, actitude e traballo. O feito de recibir varias chamadas de atención por parte da profesora por incumprimentos pode levar á perda da valoración correspondente na nota final da avaliación.

A valoración do rendemento do alumnado, cualificada cun máximo de 10 puntos, farase en función dunha porcentaxe ponderada de tres partes:

A) 70%: probas específicas de cada avaliación (unha como mínimo cada trimestre) nas que as tarefas que deberá executar o alumnado esixan a utilización dos contidos e dos procedementos

aprendidos, ademais dun nivel de expresión correcto e axeitado (coherencia, cohesión e adecuación) tanto escrito coma oral; nas probas figurará a puntuación debidamente indicada.

B) 10%: lecturas obrigatorias, que se valorarán a través de probas específicas (unha por cada libro de lectura).

C) 20%: valoración do proceso de aprendizaxe do alumnado a través da observación das actitudes, atención, participación e esforzo-, do traballo diario, da práctica oral e da elaboración e análise de textos.

Para a nota final teranse en conta as cualificacións obtidas en cada avaliación e ademais considerarase a evolución do alumnado ao longo do curso. Os alumnos e alumnas que acaden unha nota media das tres avaliacións de 5 ou máis puntos terán a materia aprobada.

No caso de non acadar unha nota media de 5 nas tres avaliacións, realizarán ao final de curso un exame global final sobre os contidos e os procedementos aprendidos, que será valorado sobre 9 puntos, ao que se lle sumará a media dos controis de lectura obrigatorios das tres avaliacións, que terá unha valoración máxima de un punto.

### **Crterios de recuperación:**

No caso de non acadar unha nota media de 5 nas tres avaliacións, realizarán ao final de curso un exame global final sobre os contidos e os procedementos aprendidos, que será valorado sobre 9 puntos, ao que se lle sumará a media dos controis de lectura obrigatorios das tres avaliacións, que terá unha valoración máxima de un punto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña pendente a materia de Lingua Galega e Literatura de 1º da ESO poderá superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1. Mediante unha avaliación continuada que realizará a profesora que imparta a materia no curso en que estea matriculado o estudante. Cada profesora proporcionarlle a este tipo de alumnado material de traballo tomando como base os contidos e obxectivos explicados na correspondente programación de cada nivel. Este material estará dividido en tres bloques. O alumnado realizará este traballo e fará unha proba de cada un dos bloques. A nota media das tres probas para considerar a materia superada será de cinco.

2. Se o alumnado non aproba a materia pola anterior vía, ou decidise non facer uso dela, poderá realizar a correspondente proba final de carácter oficial no mes de maio.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos realizar, en primeiro lugar, unha descrición do alumnado despois da avaliación inicial e recompilar información diversa sobre cada grupo. Como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- Número de estudantes.
- Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares
- Necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia. Aspectos que se deben ter en conta ao agrupar o alumnado para traballos cooperativos.
- Tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un nivel de logro óptimo do grupo.

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso,



obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.

Ao alumnado con TDAH aplícaselle o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario, concretamente o relativo a prevención e intervención dentro da aula. Procurárase que estea sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Implementáranse medidas como:

- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Utilizar reforzos positivos para motivar

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

- Reducir e fragmentar as actividades. -Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, e ser flexibles na súa duración
- Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño e deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina) e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións etc.

Para os alumnos aos que se lles aplica unha ACS a profesora contará co asesoramento do Departamento de Orientación Educativa. A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesora que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.

Aos alumnos ou alumnas que ao longo do curso se lles detecte algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TDAH, absentismo, seguiranse os protocolos pertinentes elaborados pola Consellería.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A Comunicación audiovisual				X	X	X	X	
ET.2 - A competencia dixital				X	X	X		
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X			X	X	
ET.4 - A educación emocional e en valores		X	X	X	X		X	X
ET.5 - A igualdade de xénero		X		X				
ET.6 - A creatividade		X	X		X	X		X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X		X		X	X	X	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	X						X	

	UD 9
ET.1 - A Comunicación audiovisual	
ET.2 - A competencia dixital	
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	
ET.4 - A educación emocional e en valores	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a obras de teatro	Esta actividade realizarase sempre que sexa posible		X	

### Observacións:

Durante este curso académico, sempre que sexa posible, contéplase a realización de diversas actividades complementarias e extraordinarias:

- Obradoiros literarios
- Asistencia a obras de teatro

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

### Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

## **9. Outros apartados**